



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN OS COMEDORES ESCOLARES DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS NON UNIVERSITARIOS DEPENDENTE DA CONSELLERÍA QUE OSTENTA AS COMPETENCIAS EN MATERIA DE EDUCACIÓN.

O día 17 de abril de 2013, reuniuse o Pleno do Consello Escolar de Galicia para debater o proxecto de decreto polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería que ostenta as competencias en materia de educación.

Nesa sesión someteuse a votación a emenda presentada por UGT, que a teor literal di o seguinte: "O Consello Escolar de Galicia acorda presentar informe alternativo ou emenda á totalidade de devolución á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que dea cumprimento ao especificado nas liñas da 26 á 28: "presentouse para coñecemento e avaliación de órganos sectoriais educativos, tales como a Xunta Autónoma de Directores, a Mesa Sectorial Docente Non Universitaria". Este Consello Escolar entende que debería pasar á negociación na Mesa Sectorial e logo emitir ditame".

As organizacións Coordinadora Galega de MRP, CIG, CCOO e Seminario de Estudos Galegos manifestaron que votarían a favor da devandita emenda en base ás xustificacións recollidas nas súas respectivas emendas á totalidade.

Como consecuencia do resultado da votación, favorable á emenda á totalidade presentada por UGT, o Consello Escolar de Galicia acorda devolver o proxecto de decreto á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que, se o estima oportuno, dea cumprimento ao demandado na dita emenda á totalidade.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2013

O Secretario

José Alejo Losada Aldrey

V. e pr.
O Vicepresidente



Fernando del Pozo Andrés